



CONCELLO DE VIGO

DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente N°: 90/142

Xustificación XGL Extraordinaria: ORZAMENTO 2025

## ORZAMENTO 2025

**Asunto: Xustificación para súa inclusión na convocatoria dunha sesión Extraordinaria da Xunta de Goberno Local.**

A formación dun proxecto orzamentario é unha tarefa complexa, que obriga a obtención da información necesaria e de certezas en relación coa previsión de ingresos e gastos, e a súa vez a formular simulacións en procura dos equilibrios necesarios, tanto no ámbito da xestión operativa como no plan de investimentos, así como a necesidade por imperativo legal, de dar cumprimento aos obxectivos das regras fiscais para o ano 2025, que neste ano, estiveron suxeitas a varias propostas, e finalmente ao ser rexeitado polo Congreso dos Deputados en sesión do 23 de xullo de 2024 o acordo do Consello de Ministros de 16 de xullo, teñen carácter vinculante os obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos para o Subsector Local na Actualización do Programa de Estabilidade 2023-2026, de 28 de abril de 2023.

Na primeira fase de formación, espérase que se de cumprimento aos prazos iniciais establecidos no inicio da tramitación do expediente e na formación do calendario de tramitación do expediente, que no transcurso do proceso, vai experimentando axustes que teñen causa tanto en factores de carácter externo como de carácter interno, que finalmente remata con algún tramite extraordinario na tramitación do expediente.

O proxecto de formación iniciouse o 25/06/2024 e as directrices e criterios de formación foron asinados o 05/07/2024, neste proceso, fóronse acadando os prazos inicialmente previsto, aínda que algúns estudos previos tiveron que volver a avaliarse, o que xerou distintos axustes no calendario de tramitación até o resultado final, entre os factores máis externos máis relevantes, hai que resaltar os seguintes:

1.- A valoración do custe do Servizo de Tratamento de Residuos en SOGAMA, foi obxecto de revisión até tres veces, rematando cun incremento de custes, e polo tanto de dotación orzamentaria, superior aos 2,4 millóns de euros, que obrigou a facer un axuste na estrutura xeral do estado de gastos, sendo esta unha das causas que xustificaron unha revisión nos prazos e o propio calendario de tramitación. Como é sabido, esta valoración do servizo e o seu custe final, non depende dos servizos municipais, senón da empresa mixta xestora da prestación, que tivo efectos transversais tamén na Ordenanza Fiscal.

2.- Outro dos factores que atrasou o peche do proxecto, é a incerteza en cando aos custes de persoal, que nunha primeira fase, avaliouuse nun 2%, aínda que posteriormente de acordo ao previsto no Real Decreto Lei 4/2024, de 26 de xuño, publicado no BOE nº 155 de 27 de xuño do ano 2024, queda fixado outro 0,5% adicional no caso de que o IAPC entre os anos 2022 e 2024 fose superior ás alzas acumuladas nese período, polo tanto, os cálculos previstos inicialmente, tivéronse que revisar, engadindo o 0,5% sobre a base anterior e aplicar o 2% previsto para o ano 2025. En relación coa previsión, estarase ao que regulamente a normativa de aplicación, e mentres non se publique a norma, será de aplicación as retribucións vixentes.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/10/2024 14:07	Páxina 1 de 3
90-142	CSV: AEAE5A-88C723-47BBCF-GXBGXX-2CMW68-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO

DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente N°: 90/142

Xustificación XGL Extraordinaria: ORZAMENTO 2025

3.- Outro factor de carácter externo é a cuantificación da cesión de tributos do Estado, o Fondo Complementario de Financiamento e a Liquidación definitiva das entregas a conta do ano 2023. Este recurso ten unha importancia moi relevante, está a representar o 40,16% das previsións de recursos correntes non financeiros do proxecto orzamentario do ano 2025. Até que foi notificada oficialmente esta liquidación, non se puido materializar a cuantificación deste recurso, que afecta a oito conceptos orzamentarios. Dispoñíase da información sobre o incremento que o Ministerio de Facenda estaba a anunciar para o ano 2025 e que puxo en coñecemento da CNAL, aínda que non se dispoñía da base de cálculo sobre a que había que aplicar o incremento do 13,1% previsto para as entregas a conta do ano 2025.

4.- Outro factor, aínda que este de carácter interno, foi a demora na aprobación do proxecto na Xerencia Municipal de Urbanismo, que motivou o último axuste no calendario.

En resume, tivéronse que axustar os prazos de tramitación e aprobación do Orzamento do ano 2025, tendo que estar publicado antes do remate do ano, para dar cumprimento a este prazo legal, é preciso que se inclúa o expediente na convocatoria dunha sesión extraordinaria urxente da Xunta de Goberno Local para o 18 de outubro, por ser este o prazo que garante que tramitación do expediente que se achega de cumprimento á convocatoria de todos os órganos nos prazos legalmente previstos.

#### CALENDARIO DE TRAMITACIÓN DO ORZAMENTO

##### Outubro

Aprobación do Orzamento Xeral pola Xunta de Goberno Local: 18/10

Convocatoria Comisión Informativa: 18/10

Apertura da Comisión informativa de orzamentos e Facenda para a presentación de emendas: 23/10

Convocatoria de Consello Social: 31/10

Remate do prazo para a presentación de emendas: 31/10 ás 13 horas

##### Novembro

Resolución de emendas e nova proposta á Comisión Informativa: 4/11

Convocatoria CI para ditame de emendas, 4/11

C.I. ditame de emendas 7/11

Xuntanza do Consello Social da Cidade: 11/11

Convocatoria do Pleno aprobación inicial: 11/11

Celebración do Pleno: 14/11

Publicación do anuncio no BOPP: 19/11

Exposición ao público a partires do (inclusive): 20/11

##### Decembro

Remate da exposición ao publico: 11/12

Contestación de alegacións, data límite: 13/12



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/10/2024 14:07	Páxina 2 de 3
90-142	CSV: AEAE5A-88C723-47BBCF-GXBGXX-2CMW68-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO

DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente N°: 90/142

Xustificación XGL Extraordinaria: ORZAMENTO 2025

Convocatoria Comisión Informativa de orzamentos e Facenda Ditame aprobación definitiva: 13/12

Xuntanza da Comisión informativa: 18/12

Convocatoria do Pleno: 18/12

Pleno da Aprobación definitiva: 23 /12

Publicación aprobación definitiva no BOPP: 27/12

De non darse cumprimento ao devandito calendario, o un de xaneiro do ano 2025 non entraría en vigor o Orzamento que conforma o expediente 90/142 o que obrigaría a unha prórroga do Orzamento do ano 2024, cos axustes preceptivos.

Estas son as causas que xustifican a necesidade da convocatoria dunha sesión da Xunta de Goberno Extraordinaria urxente para o día 18 de outubro, polo que, propónse a convocatoria do órgano para dita data para someter a proposta do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda á decisión do devandito órgano.

En Vigo, o Tesoureiro Director Superior Contable e Orzamentario: Luis García Alvarez

Conforme coa proposta

O Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda: Jaime Aneiros Pereira

Delegación da área, Resolución Xenérica da Alcaldía de 20 de xuño de 2023, publicada no BOPPO n° 124 de 28 de xuño, Delegación específica do 29 de xuño de 2023, publicada no BOPPO n° 136 do 14 de xullo de 2023 e Delegación da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023, publicada no BOPPO n° 129 do 5 de xullo de 2023.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/10/2024 14:07	Páxina 3 de 3
90-142	CSV: AEAE5A-88C723-47BBCF-GXBGXX-2CMW68-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		